

# HISTORIA DE ESPAÑA DE 2º DE BACHARELATO

## A/ OBXECTIVOS DO CURSO

- Valorar os movementos e accións que promoveron as liberdades na historia de España, utilizando termos e conceptos históricos, a través da análise comparada dos distintos réximes políticos, para recoñecer o legado democrático da Constitución de 1978 como fundamento da nosa convivencia e garantía dos nosos dereitos.
- Recoñecer e valorar a diversidade identitaria do noso país, por medio do contraste da información e a revisión crítica de fontes, tomando conciencia do papel que xoga na actualidade, para respectar os sentimentos de pertenza, a existencia de identidades múltiples e as normas e símbolos que establece o noso marco común de convivencia.
- Analizar e valorar a idea de progreso desde a perspectiva do benestar social e da sostibilidade, a través da interpretación dos factores modernizadores da economía española, o uso de métodos cuantitativos e a análise crítica das desigualdades sociais e territoriais, para considerar o emprendemento, a innovación e a aprendizaxe permanente como elementos fundamentais nunha contorna económica e profesional en constante cambio.
- Tomar conciencia da diversidade social a través da análise multidisciplinaria dos cambios e continuidades da sociedade española ó longo do tempo, a evolución da poboación, os niveis e modos de vida, as condicións laborais e os movementos e conflitos sociais, para valorar o alcance das medidas adoptadas e os progresos e limitacións para avanzar na igualdade, o benestar, a xustiza e a cohesión social.
- Analizar criticamente o papel das crenzas e das ideoloxías na articulación social, no uso do poder e na configuración de identidades e proxectos políticos contrapostos, a través do estudo de fontes primarias e textos historiográficos e a fundamentación de xuízos propios, para debater sobre problemas actuais, transferir coñecemento, valorar a diversidade cultural e mostrar actitudes respectuosas ante ideas lexítimas diferentes ás propias.
- Interpretar o valor xeoestratéxico de España e a súa conexión coa historia mundial, sinalando as anomalías e singularidades da súa evolución histórica nun contexto global cambiante, por medio da procura e o tratamento de información, para avalar os compromisos do noso país en materias de cooperación e seguridade, promover actitudes solidarias e asumir os valores do europeísmo.
- Incorporar a perspectiva de xénero na análise da España actual e da súa historia, a través da contextualización histórica de fontes literarias e artísticas e a investigación sobre o movemento feminista, para recoñecer a súa presenza na historia e promover actitudes en defensa da igualdade efectiva de mulleres e homes.
- Valorar o patrimonio histórico e cultural como legado e expresión da memoria colectiva, identificando os significados e usos públicos que reciben determinados acontecementos e procesos do pasado, por medio da análise da historiografía e do pensamento histórico para o desenvolvemento da iniciativa, o traballo en equipo, da creatividade e da implicación en cuestións de interese social e cultural.

## **B/ CONTIDOS BÁSICOS**

### **Bloque 1: Séculos XVI-XVII**

1. A nova monarquía dos Reis Católicos (unión dinástica, reorganización político-administrativa).
2. A configuración do imperio español no século XVI (a herdanza de Carlos I, os cambios en tempos de Felipe II: rebelión de Flandes, incorporación de Portugal, guerra contra Inglaterra).
3. A crise do século XVII: aspectos socioeconómicos e políticos.
4. Economía e sociedade na Galicia dos Austrias (a agricultura e as súas transformacións, a importancia da pesca na Galicia litoral; a estrutura social: sociedade rendista e peso da fidalguía).
5. Conquista e colonización de América: leis de Indias, revolución dos prezos.

Conceptos: converso, Gran Armada, mourisco, terzos, Unión de Armas, valido, Xunta do Reino de Galicia.

### **Bloque 2: Século XVIII**

6. O cambio dinástico e a guerra de Sucesión (causas da guerra, bandos en conflito, a paz de Utrecht).
7. Os Decretos de Nova Planta e os seus efectos.
8. O reformismo borbónico en Galicia (a matrícula de mar, o arsenal de Ferrol, a apertura do comercio colonial).
9. A Ilustración en España.
10. O papel da muller na Idade Moderna.

Conceptos: Antigo Réxime, catastro de Ensenada, Decretos de Nova Planta, despotismo ilustrado, motín de Esquilache, Paz de Urecht, regalismo borbónico.

### **Bloque 3: Século XIX**

1. A crise da monarquía absoluta (abdicacións, ocupación napoleónica).
2. As Cortes de Cádiz e a Constitución de 1812.
3. A restauración de Fernando VII e do absolutismo (as etapas do reinado).
4. A construción do Estado liberal (principios do liberalismo e diferenzas entre as familias políticas da época).
5. A Revolución Gloriosa e a Constitución de 1869.
6. A Primeira República (proxecro de constitución federal e cantonalismo).
7. A Restauración.
8. A cuestión nacional no último terzo do século XIX.
9. A reforma agraria liberal: as desamortizacións.
10. Os principais sectores industriais e o papel do ferrocarril.
11. O movemento obrreiro (Sexenio Democrático e Restauración).
12. A evolución da sociedade no século XIX (con especial atención á situación da muller).

Conceptos: afrancesados, abdicacións de Baiona, caciquismo, cantonalismo, desamortización, encaixado (“encasillado”), Estatuto Real, ludismo, Manifesto dos Persas, Manifesto de Sandhurst, Pragmática Sanción de 1830, pronunciamento, pucheirazo, rexeneracionismo, sistema de quenda, sufraxio censatario e universal, Tratado de Valençay, Unión Liberal.

#### **Bloque 4: Séculos XX-XXI**

13. A Crise da Restauración: a quebra do sistema, a crise de 1917, os gobernos de concentración e a guerra de Marrocos.
14. A ditadura de Primo de Rivera (golpe de estado e etapas: delimitación temporal e características principais).
15. O establecemento da II República (forzas políticas e a Constitución de 1931).
16. As principais reformas da II República.
17. A Guerra Civil: sublevación, bandos en conflito e a súa dimensión internacional.
18. O franquismo: características e institucionalización.
19. O franquismo. As formas de oposición ó Réxime.
20. O franquismo: política económica.
21. A Transición e a consolidación da democracia.
22. A situación da muller no século XX (II República, franquismo, gobernos da democracia).
23. España en Europa e no mundo (entrada na CEE, integración na política internacional, participación en conflitos bélicos e misións humanitarias e de paz).
24. Evolución e cambios na España actual (os retos da globalización económica e cultural, o Estado de benestar...)

Conceptos: agrarismo, Bienio Negro, Brigadas Internacionais, CEDA, Contubernio de Munich, Desastre de Annual, desenvolvemento sustentable, Directorio Militar, Expediente Picasso, FAI, feminismo, FET das XONS, Fronte Popular, Lei para a Reforma Política, Lexión Cóndor, movementos antiglobalización, nacional-catolicismo, Pacto de San Sebastián, Pactos da Moncloa, Plan de Estabilización, Plataxunta, Sanjurjada, Sección Feminina, Semana Tráxica, sindicato vertical, UCD, Unión Patriótica.

#### **C/ RECURSOS**

Non hai libro de texto. Trabállase cos temas elaborados pola profesora que están colgados na Aula Virtual, no curso de Historia de España de segundo de bacharelato.

## D/ CRITERIOS DE AVALIACIÓN, CUALIFICACIÓN E PROMOCIÓN DO ALUMNADO

1/ **AVALIACIÓN INICIAL:** Non se realiza.

### 2/ **AVALIACIÓN ORDINARIA**

#### 2.A.-CRITERIOS DE AVALIACIÓN

- O principal criterio de avaliación será o grao de consecución por parte do alumnos dos obxectivos establecidos para a materia.
- Coñecemento, comprensión e dominio dos contidos tratados en cada unidade didáctica.
- Capacidade de explicación e síntese dos contidos.
- Dominio da expresión oral e escrita tanto en galego como en castelán.
- Grao de adquisición das competencias que se traballan na materia.
- Grao de preparación para realizar a proba ABAU.

#### 2.B.-PROCEDEMENTOS DE AVALIACIÓN

- Probas escritas

#### 2.C.-INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN:

- **Exames:** Haberá como mínimo un exame por avaliación. Para adaptarse á proba establecida para a ABAU, haberá dous modelos de exame: Para avaliar as preguntas teóricas dos Bloques 1 (séculos XVI e XVII) e 2 (século XVIII), o exame constará de preguntas teóricas valoradas entre 2 e 3 puntos e outras sobre conceptos, valoradas entre 1 e 2 puntos. Para avaliar o bloque temático dos séculos XIX e XX-XXI, o exame constará de dúas composicións valoradas entre 4 e 5 puntos, e unha pregunta de conceptos valorada entre 1 e 2 puntos. Os exames faranse pola tarde co obxectivo de non perder horas de clase.
- **Exames de recuperación:** Realizarase un por avaliación. Faranse pola tarde.
- **Exame final** de todos conceptos que entran na proba ABAU e sobre as preguntas teóricas dos Bloques 1 e 2.

## 2.D.-SISTEMA DE CUALIFICACIÓN

- Os exames de avaliación e recuperación puntuaranse de 0 a 10. A puntuación para cada apartado vai indicada no exame. Unha vez corrixidos, o alumno verá o exame que irá acompañado dunha plantilla máis detallada coa puntuación outorgada a cada idea ou información que debe figurar en cada pregunta.
- Durante a realización dos exames os alumnos non poden ter consigo os móbiles, estes serán depositados no lugar que indique a profesora. Non respectar isto pode supoñer a expulsión do exame.
- Aqueles alumnos que copien, utilizando o medio que sexa, non poderán continuar o exame e constaralles como nota un 0.
- Tendo en conta que un dos obxectivos da materia é o dominio da lingua galega e castelá, nos exames figurará a puntuación outorgada á corrección na redacción: ausencia de faltas de ortografía, coherencia, “limpeza”, etc. (Ver a rúbrica)
- **A nota de avaliación obterase facendo media entre os exames de avaliación feitos.** Non se fará media se nun dos exames a nota obtida é de 1 ou menos de 1; nese caso o alumno terá suspensa a avaliación e deberá recuperar o exame. Posto que non se poden poñer decimais no boletín, para facer os redondeos aplicarase o establecido na lei.
- Aqueles alumnos que queiran facer o exame de recuperación de avaliación aínda téndoa aprobada e co obxectivo de subir a nota, poderán facelo. A nota obtida nese exame será a que lle conste na avaliación independentemente de que sexa superior ou inferior á anterior, é dicir, que se en vez de subir a nota, báixaa, constaralle tamén esta última.
- **Para obter a nota final na materia farase media entre as notas obtidas nas tres avaliacións, da cal se collerá o 70 %, e sumaráse o 30 % da nota obtida no exame final sobre os conceptos ABAU e a materia dos Bloques 1 e 2.**

## 3/ AVALIACIÓN EXTRAORDINARIA

### 3.A.-CRITERIOS DE AVALIACIÓN

- Coñecemento, comprensión e dominio dos contidos tratados en cada unidade didáctica.
- Capacidade de explicación e síntese dos contidos.
- Dominio da expresión oral e escrita tanto en galego como en castelán.
- Grao de adquisición das competencias que se traballan na materia.
- Grao de adquisición dos obxectivos xerais establecidos para a materia.
- Grao de preparación para realizar a proba ABAU.

### 3.B.-PROCEDEMENTOS DE AVALIACIÓN

- Proba escrita

### 3.C.-INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN

- Exame de extraordinario de xuño que se realizará nas datas que determine o Centro. O modelo de exame será similar ó establecido para a proba ABAU.

### 3.D.-CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN

- O exame puntuarase de 0 a 10. Unha vez corrixido, o alumno verá o exame que irá acompañado ademais dunha plantilla máis detallada coa puntuación outorgada a cada idea ou información que debe figurar en cada pregunta.
- Durante a realización do exame os alumnos non poden ter consigo os móbiles, estes serán depositados no lugar que indique a profesora. Non respectar isto pode supoñer a expulsión do exame.
- Aqueles alumnos que copien, utilizando o medio que sexa, non poderán continuar o exame e constaralles como nota un 0.